

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2023-24

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
beatriz@artikavigo.com
Tif: 644 22 09 67



A NENA E OS TRES OSOS
Bea Campos - Migallas Teatro

Divertido e coidado contacontos con monicreques e cancións. Unha peza visual, baseada nun dos contos clásicos da literatura infantil. Nesta historia, unha maleta pode ser unha casa, un caldeiro pode ser un asento e unha manchea de calcetíns pode ser... unha familia de osos!

Os tres osos: oso grande, oso mediano e oso pequeno vivían no bosque e todos os días facían o mesmo: almorzaban e, ao rematar, daban un paseo cantando e xogando. Pero aquela mañá as papas estaban moi quentes e decidiron pasear primeiro e almorzar despois... Deste xeito comeza a aventura da nena e os tres osos!

DURACIÓN:
40 MINUTOS

**GALEGO
DISPONÍBLE:**
MARZO



OS TRES PORQUIÑOS
Bea Campos - Migallas Teatro

Espectáculo teatral para os máis pequenos con monicreques, teatro, xogos tradicionais e música. Unha proposta coidada e visual a partir dun dos contos tradicionais máis coñecidos da literatura infantil

Sons, texturas e cores captan a atención dos nenos e nenas nunha proposta sinxela e divertida.

DURACIÓN:
30 MINUTOS

**GALEGO
DISPONÍBLE:**
MARZO

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2023-24

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
beatriz@artikavigo.com
Tif: 644 22 09 67

O prezo das funcións na sala será de 5€ por alumno.
Ao longo do curso pode xurdir a posibilidade de incluír na programación outros espectáculos. Enviaremos a información.

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2023-24

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
 beatriz@artikavigo.com
 Tlf: 644 22 09 67



LARANXUS 7

Espectáculo de monicreques no que se tratan temas como a ecoloxía, a interculturalidade, a tolerancia, a amizade e a solidariedade.

Verde é un extraterrestre que habita o planeta Laranxus 7. Leva unha vida do máis monótona e aburrida, só e sen ninguén con quen xogar. Cando o seu planeta é colonizado por uns malvados e horribles invasores, o noso protagonista embárcase nunha fantástica viaxe na procura de axuda. A súa odisea levarao a coñecer distintas razas e lugares do universo que acabarán por cambiarlle a súa visión do mundo e axudaranlle a descubrir o verdadeiro valor da amizade.

PÚBLICO:
EDUCACIÓN INFANTIL 1º E 2º PRIMARIA

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

***PÓDESE REALIZAR A FUNCIÓN NO CENTRO**



CANTA CONNOSCO!
 Migallas Teatro

En *Canta connosco!* combínanse as cancións do disco do mesmo nome con accións dramáticas. Os temas que se tratan, entre outros, son: o coidado das mascotas, o consumismo na compra de xoguetes, a lectura como pracer e aprendizaxe fronte ao exceso de TV e de videoxogos, a importancia da imaxinación, o xogo do teatro, cancións que axudan a estudar, etc. Os temas do disco que se interpretan neste espectáculo son: “Dime que fixeches”, “O esqueleto”, “O libro máxico” e “Ai, Patín!”.

PÚBLICO:
EDUCACIÓN INFANTIL E 1º E 2º PRIMARIA

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

DISPONIBILIDADE:
ABRIL E MAIO



A ILLA DA DESLEMBRANZA
 Ártika Cía.

Un traballo creado a base de metáforas e gran forza visual, que achegará aos máis cativos un tema tan duro como é o alzheimer pero dun xeito fermoso e suxestivo.

Unha obra dirixida princip almente a un público infantil pero tamén aos maiores que entenderán a enfermidade dende o punto de vista dos nenos e nenas.

PÚBLICO:
TODA PRIMARIA

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

O prezo das funcións na sala será de 5€ por alumno.

Ao longo do curso pode xurdir a posibilidade de incluír na programación outros espectáculos. Enviarémosvos a información.

MONSTROS

MONSTROS
Produccións Excéntricas

“Monstros” reflexiona sobre aquilo que consideramos monstruoso e tal vez por iso nos aterroriza. E faino desde o humor, utilizando a técnica do clown, porque a risa é o mellor antídoto contra o que nos asusta. Acompañando aos catro personaxes asistimos a un desfile de criaturas terroríficas que nos acaban ensinando que o atroz está nos ollos de quen mira. “Monstros” é o artefacto divertido que nos conta que aprender a convivir cos nosos medos axúdanos a entendernos a nós e ás demais persoas, a aceptar as nosas propias monstruosidades.

PÚBLICO:
5º E 6º DE PRIMARIA

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

DISPONIBILIDADE:
MARZO

DISPÓN DE UNIDADE DIDÁCTICA



AS PALABRAS PERDIDAS
Inventi Teatro

A Condessa Colorada e o seu axudante Leocadiof son viaxeiros chegados dende moi lonxe. A Condessa, unha coñecida contadora con fama internacional, dispónse a narrar o seu relato preferido pero, ao abrir o libro, cae na conta de que o seu conto está cheo de buracos. Faltan palabras moi importantes, palabras como “ganapán”, “vagalume” ou “verme”. As palabras fuxiron da historia borradas por falta de uso, e só utilizándoas de novo volverán ao conto. Unha proposta que anima a falar galego dun xeito divertido e dinámico, e que pon en valor o idioma, os ditos e as historias de Galicia.

PÚBLICO:
INFANTIL E 1º A 2º DE PRIMARIA

DURACIÓN:
45 MINUTOS

GALEGO

***PÓDESE REALIZAR A FUNCIÓN NO CENTRO**

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2023-24

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
beatriz@artikavigo.com
Tif: 644 22 09 67

PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA ESCOLARES

CURSO 2023-24

ÁRTIKA - BEIRAMAR 113 - VIGO
beatriz@artikavigo.com
Tif: 644 22 09 67

O prezo das funcións na sala será de 5€ por alumno.

Ao longo do curso pode xurdir a posibilidade de incluír na programación outros espectáculos. Enviáremosvos a información.

(mosca)

MOSCA
Ártika Cía.

O espectáculo profunda na vida dun neno sobre o que, con só dez anos, xa pesa o sufrimento de ser vítima de abusos e acoso. O medo, os prexuízos e a impotencia de non saber que facer e como solucionalo chegan a impregnar toda a súa contorna.

Un xogo de patio de colexio que pode converterse en temor, soidade e desesperación.

PÚBLICO:
TODA A E.S.O. E BACHARELATO

DURACIÓN:
60 MINUTOS

GALEGO

AO REMATE DA FUNCIÓN HABERÁ UN COLOQUIO COS ACTORES

MONSTROS

MONSTROS
Producións Excéntricas

“Monstros” reflexiona sobre aquilo que consideramos monstruoso e tal vez por iso nos aterroriza. E faino desde o humor, utilizando a técnica do clown, porque a risa é o mellor antídoto contra o que nos asusta. Acompañando aos catro personaxes asistimos a un desfile de criaturas terroríficas que nos acaban ensinando que o atroz está nos ollos de quen mira. “Monstros” é o artefacto divertido que nos conta que aprender a convivir cos nosos medos axúdanos a entendernos a nós e ás demais persoas, a aceptar as nosas propias monstruosidades.

PÚBLICO:
1º E 2º ESO

DURACIÓN:
50 MINUTOS

GALEGO

DISPOÑIBILIDADE:
MARZO

DISPÓN DE UNIDADE DIDÁCTICA



LA TEATROPEDIA
Teatro Defondo (Madrid)

Tres peculiares eruditos van explicar a historia do teatro español. Pero teñen só unha hora para facelo e nada sairá como eles esperaban.

Nunha viaxe cómica chea de situacións absurdas, o público coñecerá a obra de Esquilo, Lope de Vega, Calderón, Zorrilla, Echegaray, Valle-Inclán, Lorca, Arrabal...

PÚBLICO:
3º e 4º DA ESO E BACHARELATO

DURACIÓN:
60 MINUTOS

CASTELÁN

DISPOÑIBILIDADE:
ABRIL

DISPÓN DE UNIDADE DIDÁCTICA